

O Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 26 de maio de 2021 preveu no seu eixo 4 a elaboración e aprobación de plans de prevención de riscos de xestión que afecten á integridade institucional en cada consellería e en cada entidade instrumental do sector público autonómico.

Así, o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 10 de decembro de 2021 enmárcase dentro da infraestrutura ética configurada no Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 e nos principios xerais de funcionamento establecidos na normativa autonómica.

Ademais, as autoridades comunitarias veñen esixindo a aplicación de medidas en materia de prevención da fraude vinculadas á xestión dos fondos europeos. En particular, atender as necesidades da xestión dos Fondos do instrumento de recuperación Next Generation EU aprobado polo Consello de Europa o 21 de xullo de 2020, e en especial as do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) desenvolvido en España mediante o Plan Nacional de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), esixe a aprobación de plans de prevención de riscos e medidas antifraude.

O PRTR configúrase como un instrumento promovido a nivel da Unión Europea orientado a mitigar os impactos da Pandemia Covid-19, así como a transformar a sociedade, cos obxectivos de modernizar o tecido produtivo, impulsar a descarbonización e o respecto ao medio ambiente, fomentar a dixitalización, e a mellora das estruturas e recursos destinados á investigación e formación, conseguindo en última instancia unha maior capacidade da sociedade para superar problemas como a Pandemia, conforme o marco establecido no Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de

febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR).

O artigo 8 do antedito Regulamento, relativo á execución do PRTR, determina que "A Comisión executará o mecanismo en réxime de xestión directa de conformidade coas normas pertinentes adoptadas en virtude do artigo 322 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, en particular o Regulamento Financeiro e o Regulamento (UE, Euratom) 2020/2092 do Parlamento Europeo e do Consello". Isto conleva o deseño de instrumentos específicos e a adaptación dos procedementos no marco que se define.

Coa finalidade de facer efectivas as iniciativas propostas no menor tempo posible, as administracións públicas deben adoptar múltiples medidas, entre as que se atopan a adaptación dos procedementos de xestión e o modelo de control, xunto a configuración e o desenvolvemento dun Sistema de Xestión que facilite a tramitación eficaz das solicitudes de desembolso aos Servizos da Comisión Europea, conforme aos estándares requiridos, tanto desde o punto de vista formal como operativo.

Este sistema de xestión do PRTR configúrase para o conxunto do estado na Orde HRP/1030/2021 (BOE 234, do 30 de setembro de 2021), que concreta as directrices que garanten o cumprimento coordinado dos requisitos establecidos pola normativa comunitaria para a execución do PRTR e inclúe medidas contra o fraude e a corrupción.

Concretamente, o seu artigo 6, coa finalidade de dar cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, impón a España en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión como beneficiario dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establece que toda entidade, decisoria ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR

deberá dispor dun "Plan de medidas antifraude" que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizáronse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección do fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

Nesta liña, o Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia configúrase como o instrumento do sector público autonómico galego que ten por finalidade acadar un modelo de organización pública orientada ao cumprimento dos principios de responsabilidade, transparencia, optimización dos recursos, integridade institucional e medidas antifraude para unha adecuada xestión e a avaliación dos seus riscos, incluída a fraude, que dea soporte aos procesos de planificación, toma de decisións, execución das actividades e boa xestión dos recursos públicos, en especial daqueles derivados do MRR. E como tal serve de guía para os plans de prevención de riscos que adopten os centros directivos da comunidade autónoma.

O plan xeral recolle unha análise dos principais riscos de xestión detectados, que afectan a toda a organización, e unha serie de medidas de minimización dos devanditos riscos, que resultan aplicables de xeito inmediato a todos os órganos e entidades que conforman a administración xeral e o sector público autonómico.

Unha correcta metodoloxía esixe que en cada departamento ou entidade se proceda a realizar unha axeitada e individualizada análise dos riscos en función da súa actividade, polo que o plan xeral debe completarse con plans específicos de prevención de riscos de xestión de cada un dos departamentos da Xunta de Galicia.

O Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia determinou unha nova organización, cunha nova orde xerárquica na que a anterior Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Industria e Innovación se converte na Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

Mediante o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia determinouse que, para o exercicio das súas funcións, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación se estrutura nos seguintes órganos superiores e de dirección:

1. Secretaría Xeral Técnica.
2. Secretaría Xeral de Industria
3. Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.
4. Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

Así mesmo, adscríbense a esta consellería as seguintes entidades instrumentais:

- a) O organismo autónomo Instituto Galego do Consumo e da Competencia.
- b) O ente de dereito público Instituto Galego de Promoción Económica.
- c) A Axencia Galega de Innovación.
- d) A axencia Instituto Enerxético de Galicia.

O 30 de decembro do 2021 apróbase o Plan específico de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da entón Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Industria e Innovación, dentro da primeira fase de

aprobación dos plans específicos prevista no Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia, no que asume como propias as directrices e manifestacións realizadas no Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia e desenvolve as medidas necesarias para adecualo á súa estrutura e funcionamento. Este plan específico engloba o plan da Axencia Instituto Enerxético de Galicia-INEGA.

Segundo as previsións xerais, o plan da entón Vicepresidencia Segunda iríase completando cos plans específicos do resto dos centros directivos e entidades instrumentais a ela adscritos en función da planificación temporal prevista no Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024, ou de asignacións posteriores de fondos do PRTR.

Así, con data 14 de febreiro de 2022 apróbase a primeira adenda ao Plan específico de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da entón Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Industria e Innovación do 30 de decembro de 2021, para incluír os plans da Secretaría Xeral Técnica e da Axencia Galega de Innovación-GAIN.

Neste momento, consta tamén a asignación ministerial e o compromiso da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais para executar fondos do PRTR.

En consecuencia, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais propón, para a súa aprobación como adenda ao Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da consellería á que está adscrita, o seu propio plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude.

Consta tamén a manifestación do seu compromiso co Código ético e de comportamento íntegro e de loita contra a fraude.

Por todo o anterior,


RESOLVO

Aprobar como 2ª Adenda ao Plan específico de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, aprobado con data 30 de decembro do 2021 como a entón Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Industria e Innovación, o plan específico da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais que se xunta como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2022

O vicepresidente Primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación

Francisco José Conde López



O Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 26 de maio de 2021 preveu no seu eixo 4 a elaboración e aprobación de plans de prevención de riscos de xestión que afecten á integridade institucional en cada consellería e en cada entidade instrumental do sector público autonómico.

Así, o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 10 de decembro de 2021 enmárcase dentro da infraestrutura ética configurada no Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 e nos principios xerais de funcionamento establecidos na normativa autonómica.

Ademais, as autoridades comunitarias veñen esixindo a aplicación de medidas en materia de prevención da fraude vinculadas á xestión dos fondos europeos. En particular, atender as necesidades da xestión dos Fondos do instrumento de recuperación Next Generation EU aprobado polo Consello de Europa o 21 de xullo de 2020, e en especial as do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) desenvolvido en España mediante o Plan Nacional de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), esixe a aprobación de plans de prevención de riscos e medidas antifraude.

O PRTR configúrase como un instrumento promovido a nivel da Unión Europea orientado a mitigar os impactos da Pandemia Covid-19, así como a transformar a sociedade, cos obxectivos de modernizar o tecido produtivo, impulsar a descarbonización e o respecto ao medio ambiente, fomentar a dixitalización, e a mellora das estruturas e recursos destinados á investigación e formación, conseguindo en última instancia unha maior capacidade da sociedade para superar problemas como a Pandemia, conforme o marco establecido no Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de



febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR).

O artigo 8 do antedito Regulamento, relativo á execución do PRTR, determina que "A Comisión executará o mecanismo en réxime de xestión directa de conformidade coas normas pertinentes adoptadas en virtude do artigo 322 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, en particular o Regulamento Financeiro e o Regulamento (UE, Euratom) 2020/2092 do Parlamento Europeo e do Consello". Isto conleva o deseño de instrumentos específicos e a adaptación dos procedementos no marco que se define.

Coa finalidade de facer efectivas as iniciativas propostas no menor tempo posible, as administracións públicas deben adoptar múltiples medidas, entre as que se atopan a adaptación dos procedementos de xestión e o modelo de control, xunto a configuración e o desenvolvemento dun Sistema de Xestión que facilite a tramitación eficaz das solicitudes de desembolso aos Servizos da Comisión Europea, conforme aos estándares requiridos, tanto desde o punto de vista formal como operativo.

Este sistema de xestión do PRTR configúrase para o conxunto do estado na Orde HRP/1030/2021 (BOE 234, do 30 de setembro de 2021), que concreta as directrices que garanten o cumprimento coordinado dos requisimentos establecidos pola normativa comunitaria para a execución do PRTR e inclúe medidas contra o fraude e a corrupción.

Concretamente, o seu artigo 6, coa finalidade de dar cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, impón a España en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión como beneficiario dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establece que toda entidade, decisoria ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR



deberá dispor dun "Plan de medidas antifraude" que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizáronse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección do fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

Nesta liña, o Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia configúrase como o instrumento do sector público autonómico galego que ten por finalidade acadar un modelo de organización pública orientada ao cumprimento dos principios de responsabilidade, transparencia, optimización dos recursos, integridade institucional e medidas antifraude para unha adecuada xestión e a avaliación dos seus riscos, incluída a fraude, que dea soporte aos procesos de planificación, toma de decisiones, execución das actividades e boa xestión dos recursos públicos, en especial daqueles derivados do MRR. E como tal serve de guía para os plans de prevención de riscos que adopten os centros directivos da comunidade autónoma.

O plan xeral recolle unha análise dos principais riscos de xestión detectados, que afectan a toda a organización, e unha serie de medidas de minimización dos devanditos riscos, que resultan aplicables de xeito inmediato a todos os órganos e entidades que conforman a administración xeral e o sector público autonómico.

Unha correcta metodoloxía esixe que en cada departamento ou entidade se proceda a realizar unha axeitada e individualizada análise dos riscos en función da súa actividade, polo que o plan xeral debe completarse con plans específicos de prevención de riscos de xestión de cada un dos departamentos da Xunta de Galicia.



O Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia determinou unha nova organización, cunha nova orde xerárquica na que a anterior Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Industria e Innovación se converte na Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

Mediante o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia determinouse que, para o exercicio das súas funcións, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación se estrutura nos seguintes órganos superiores e de dirección:

1. Secretaría Xeral Técnica.
2. Secretaría Xeral de Industria
3. Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.
4. Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

Así mesmo, adscríbense a esta consellería as seguintes entidades instrumentais:

- a) O organismo autónomo Instituto Galego do Consumo e da Competencia.
- b) O ente de dereito público Instituto Galego de Promoción Económica.
- c) A Axencia Galega de Innovación.
- d) A axencia Instituto Enerxético de Galicia.

Segundo o previsto no Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia, os plans específicos das consellerías están



integrados polos dos centros directivos e entidades instrumentais adscritas a elas, de forma que a incorporación progresiva de máis centros directivos ou entes supoñerá a modificación, por addenda, do plan de prevención inicial da Consellería.

Por todo o anterior,

PROPOÑO ao vicepresidente Primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, a aprobación do plan da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais como addenda ao Plan Específico de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación aprobado con data de 30 de decembro de 2021 como a entón Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Industria e Innovación. No plan que se propón asúmense como propias as directrices e manifestacións realizadas no Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia e desenvólvense as medidas necesarias para adecualo á súa estrutura e funcionamento.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais

Pablo Fernández Vila



PLAN ESPECÍFICO DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE
XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DIRECCIÓN
XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E
RECURSOS NATURAIS DA VICEPRESIDENCIA
PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
INDUSTRIA E INNOVACIÓN



ÍNDICE

<u>1.CARACTERIZACIÓN DO CENTRO DIRECTIVO. DIAGNOSE DE SITUACIÓN</u>	4
<u>1.1.Misión, visión e Valores</u>	4
<u>1.2. Organización e funcionamento do centro directivo ou entidade instrumental</u>	5
<u>1.2.1. Organización</u>	5
<u>1.2.2. Recursos humanos</u>	15
<u>1.2.3. Recursos orzamentarios</u>	15
<u>1.2.4. Marco normativo</u>	17
<u>1.2.5. Procesos e procedementos que aplica o centro directivo/entidade instrumental</u>	19
<u>1.3. As medidas do "ciclo da fraude"</u>	20
<u>1.3.1. Medidas de prevención:</u>	20
<u>1.3.2. Medidas de detección:</u>	21
<u>1.3.3. Medidas de corrección:</u>	22
<u>1.3.4. Medidas de persecución:</u>	22
<u>1.4. Funcións e responsabilidades na xestión dos riscos</u>	23
<u>1.4.1. A consellería, os centros directivos/entidades instrumentais</u>	23
<u>2. COMPROMISO DE INTEGRIDADE E MARCO ÉTICO DA INTEGRIDADE INSTITUCIONAL</u>	25
<u>2.1. Medidas relativas ao compromiso institucional coa integridade, coa ética publica e coas medidas antifraude.</u>	25
<u>Acción 2.1.1. A manifestación expresa dos responsables públicos</u>	25
<u>Acción 2.1.2. As referencias á integridade na planificación estratégica</u>	26
<u>Acción 2.1.3. A difusión e a formación en materia de integridade institucional</u>	26
<u>2.2. Medidas relativas ao sistema de prevención de conflitos de interese</u>	26
<u>Acción 2.2.1. Régime xeral do conflito de intereses</u>	27
<u>Acción 2.2.2. Régime especial do conflito de intereses para os altos cargos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.</u>	27
<u>Acción 2.2.3. Régime especial do conflito de intereses para os funcionários públicos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.</u>	29



<u>2.3. Medidas referidas ás canles de denuncias de irregularidades ou condutas de fraude</u>	29
<u>Acción 2.3.1. Difusión da canle de denuncias</u>	29
<u>2.4 Formación e compromiso coa competencia profesional dos empregados públicos</u>	30
<u>Acción 2.4.1. Formación específica nos centros directivos/entidades instrumentais que xestionen fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia</u>	31
<u>3. IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE</u>	31
<u>3.1. Medidas relativas ao diagnóstico e análise dos riscos xerais da organización</u>	31
<u>3.1.1. Definición do risco e asunción dos riscos xerais da organización</u>	31
<u>3.2. Medidas para a aprobación dun plan de prevención de riscos e medidas antifraude por cada centro xestor</u>	32
<u>Acción 3.2.1. Metodoloxía para a avaliación do risco</u>	32
<u>Acción 3.2.2. Listaxes de verificación na aprobación dos expedientes financiados con PRTR</u>	39
<u>Acción 3.2.3. Mecanismos de detección a través de "bandeiras vermelhas"</u>	41
<u>4. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN</u>	43
<u>4.1. Seguimiento, supervisión e avaliação</u>	43
<u>4.2. Actualización e revisión</u>	43
<u>4.3. Comunicación e difusión</u>	44



1. CARACTERIZACIÓN DO CENTRO DIRECTIVO. DIAGNOSE DE SITUACIÓN

1.1. Misión, visión e Valores

O presente documento define os mecanismos que a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación ten previsto implantar como o seu Plan específico de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude (en diante, o plan).

A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais asume como propias as directrices e manifestacións realizadas no Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude aprobado por Acordo do Consello da Xunta de data 10 de decembro de 2021 (en diante, plan xeral).

A mellora continua na calidade dos servizos prestados, a atención ás necesidades de toda a ciudadanía, e a transparencia e a integridade da actividade pública actúan como principios vertebradores que presiden a actividade da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, e como tales son asumidos como compromiso de actuación dos seus órganos de dirección e dos empregados públicos que traballan no mesmo.

A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais asume o compromiso de actuar de conformidade cos principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á ciudadanía establecidos na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo.

O criterios de integridade e ética pública no desempeño das actividades e no desenvolvemento da acción pública da administración autonómica son os principios asumidos expresamente polo goberno galego coa aprobación do Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión do 26 de maio de 2021, que a través de 24 medidas establece os elementos do



marco de infraestrutura ética ao que se somete a acción do goberno, a dos seus responsables máximos e a do conxunto dos empregados públicos.

1.2. Organización e funcionamento do centro directivo

1.2.1. Organización

A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais corresponderalle a dirección, coordinación, planificación, execución, seguimento e control das competencias e funcións da Vicepresidencia Primeira e Consellería en materia de enerxía, recursos minerais e augas minerais e termais.

Segundo o establecido no Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais estrutúrase, para o exercicio das súas funcións, nas seguintes unidades:

1. Subdirección Xeral de Enerxía.

Baixo a inmediata dependencia xerárquica da persoa titular da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, a Subdirección Xeral de Enerxía exercerá as funcións relacionadas coa planificación, ordenación, fomento e inspección no relativo á enerxía, ás infraestruturas enerxéticas, ás enerxías renovables e á eficiencia enerxética. Así mesmo, exercerá a coordinación dos servizos territoriais nas materias do seu ámbito competencial e funcional. En xeral, correspóndenlle cantos asuntos lle sexan encomendados, en razón do seu ámbito competencial e funcional, pola Dirección Xeral.



De xeito directo, ou a través das unidades administrativas que se integran nela, desenvolverá as seguintes funcións:

- a) A proposta da normativa relativa ao réxime enerxético.
- b) A coordinación, mediante a elaboración de instrucións, ou calquera outro instrumento que se considere idóneo, cos órganos territoriais e unidades administrativas que dependan de la, no ámbito das súas competencias, así como a supervisión do seu cumprimento.
- c) A dirección, supervisión, coordinación e control das funcións desenvolvidas polas unidades administrativas que dependen dela.
- d) O establecemento e a coordinación do marco funcional relativo á planificación e á ordenación enerxética, así como ao fomento e inspección no relativo ás infraestruturas enerxéticas, ás enerxías renovables e á eficiencia enerxética.
- e) A elaboración da proposta do anteproxecto de orzamentos desta subdirección xeral, así como a coordinación da execución da xestión orzamentaria das actuacións correspondentes ao seu ámbito de competencias.
- f) A coordinación, o impulso e seguimento das axudas públicas xestionadas polas unidades administrativas que dependen dela.
- g) A coordinación e o impulso da tramitación de autorizacións relativas ás actividades destinadas á subministración de enerxía eléctrica e de gas, competencia da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.
- h) A elaboración, proposta, coordinación e control de programas dirixidos ao fomento da investigación no eido das enerxías renovables, o aforro e a eficiencia enerxética, así como das infraestruturas enerxéticas.
- i) A proposta e supervisión de actuacións para a difusión e a promoción das enerxías renovables, o aforro e a eficiencia enerxética, así como o fomento da seguridade e calidade da subministración eléctrica e de gas.



j) A coordinación e cooperación das actuacións no eido da enerxía coa axencia Instituto Enerxético de Galicia.

k) A coordinación do seguimento de resultados da planificación estratégica no eido da enerxía e avaliación dos indicadores das actuacións.

l) A supervisión e elaboración de informes solicitados por outros organismos á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, no ámbito das súas competencias.

Baixo a súa dirección e dependencia, a Subdirección Xeral de Enerxía disporá para o desenvolvemento das súas funcións, das seguintes unidades administrativas con nivel orgánico de servizo:

1.1. Servizo de Infraestruturas Enerxéticas.

O Servizo de Infraestruturas Enerxéticas exercerá as seguintes funcións:

a) A proposta da normativa relativa ao réxime enerxético, á producción, transporte, distribución e comercialización de electricidade e gas natural.

b) A emisión de instrucións para a ampliación, mellora e adaptación das redes e instalacións eléctricas e gasistas de transporte e distribución, e a supervisión do seu cumprimento.

c) A análise e os informes sobre os plans de investimento das empresas distribuidoras de electricidade e gas.

d) A proposta da planificación dos sectores eléctrico e gasista e de hidrocarburos, en coordinación coa axencia Instituto Enerxético de Galicia.

e) A tramitación e proposta de autorización das instalacións de transporte e distribución de electricidade e de gas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia e, de ser o caso, o rexistro de instalacións.

f) A tramitación e proposta de autorización ás persoas e entidades comercializadoras de enerxía eléctrica e de gas natural cando o seu ámbito de actuación se circunscriba á Comunidade Autónoma de Galicia.



- g) A planificación de ferramentas informáticas que permitan a tramitación telemática de expedientes administrativos, no seu ámbito de competencias.
- h) A elaboración, proposta e execución de programas para a mellora das infraestruturas e da calidade da subministración de enerxía eléctrica e de gas.
- i) A elaboración, proposta, desenvolvemento, execución e control de programas dirixidos a fomentar a investigación en materia de infraestruturas enerxéticas.
- j) A elaboración, promoción e xestión de diferentes actuacións de fomento da calidade e seguridade da subministración enerxética a diferentes sectores económicos, incluída a cidadanía.
- k) A coordinación da inspección no ámbito das instalacións de distribución de electricidade e de gas, das condicións técnicas e, de ser o caso, económicas das empresas titulares das instalacións e do cumprimento das condicións establecidas nas autorizacións outorgadas, todas elas en colaboración cos servizos correspondentes dos órganos territoriais.
- l) A supervisión do cumprimento das obrigas dos xestores das redes de distribución eléctrica no seu respectivo territorio.
- m) A supervisión do cumprimento das obrigas das empresas distribuidoras de gas no seu ámbito territorial.
- n) A coordinación da supervisión dos plans de mantemento das empresas de distribución de enerxía eléctrica.
- o) Calquera outra función que lle sexa asignada polos órganos de que depende

1.2. Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética.

O Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética exercerá as seguintes funcións:

- a) A proposta da normativa relativa ao réxime enerxético, concretamente no ámbito das enerxías renovables, e ao aforro e eficiencia enerxética.



- b) O desenvolvemento da normativa no relativo ás instalacións de producción de enerxía a través de fontes renovables, así como ao ámbito do aforro e da eficiencia enerxética.
- c) A planificación, a coordinación e o control das actuacións relativas á instalación, á ampliación e ao traslado das instalacións de producción de enerxía a partir de fontes de enerxía renovable.
- d) A tramitación e proposta de autorización das instalacións de xeración eléctrica de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia e, de ser o caso, o rexistro de instalacións, nos cales se inclúe o Rexistro de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica.
- e) A cooperación e coordinación de actuacións coa axencia Instituto Enerxético de Galicia nos campos das enerxías renovables, do aforro e da eficiencia enerxética.
- f) A planificación de ferramentas informáticas que permitan a tramitación telemática de expedientes administrativos, no seu ámbito de competencias.
- g) A coordinación da xestión do Rexistro de Certificación Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, coa axencia Instituto Enerxético de Galicia.
- h) A promoción e difusión das campañas informativas relativas ao fomento das enerxías renovables e ao aforro e eficiencia enerxética.
- i) A elaboración, proposta e execución de plans e proxectos nas áreas de aforro e eficiencia enerxética, así como na das enerxías renovables.
- j) A elaboración, proposta, desenvolvemento, execución e control de programas dirixidos a fomentar a investigación, o desenvolvemento e a innovación, así como da implantación destes resultados, en materia de enerxías renovables e de aforro e eficiencia enerxética.
- k) A proposta de actuacións que contribúan a difundir o coñecemento das medidas de aforro e eficiencia enerxética.



- l) A inspección, no ámbito das enerxías renovables, das condicións técnicas e, de ser o caso, económicas das empresas titulares das instalacións e do cumprimento das condicións establecidas nas autorizacións outorgadas, todas elas en colaboración cos servizos correspondentes dos órganos territoriais.
- m) A coordinación de inspección das instalacións de producción de enerxía a partir de fontes de enerxía renovable, en colaboración cos servizos correspondentes dos órganos territoriais.
- n) Calquera outra función que lle sexa asignada polos órganos de que depende

2. Subdirección Xeral de Recursos Minerais.

Baixo a inmediata dependencia xerárquica da persoa titular da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, a Subdirección Xeral de Recursos Minerais exercerá as funcións relativas á planificación, ordenación, fomento, desenvolvemento e control da minaría de Galicia. Así mesmo, exercerá a coordinación dos servizos territoriais nas materias do seu ámbito competencial e funcional. En xeral, correspondeñlle cantos asuntos lle sexan encomendados, en razón do seu ámbito competencial e funcional, pola Dirección Xeral.

De xeito directo, ou a través das unidades administrativas que se integran nela, desenvolverá as seguintes funcións:

- a) A ordenación e planificación, en xeral, das actividades de exploración, investigación, aproveitamento e beneficio dos xacementos minerais e demais recursos xeolóxicos situados en Galicia, incluídas as correspondentes aos xacementos de hidrocarburos e de almacenamento xeolóxico de dióxido de carbono.
- b) A proposta de desenvolvemento normativo relativo ao réxime mineiro, ás augas minerais e termais e á investigación de hidrocarburos, así como a programación e coordinación do exercicio das competencias administrativas en relación coas ditas materias.



- c) A dirección e coordinación dos rexistros previstos na normativa mineira e de augas minerais e termais.
- d) O impulso de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados ao desenvolvemento, á innovación, ao incremento da competitividade e á internacionalización do sector mineiro de Galicia.
- e) O impulso de plans e programas para mellorar o coñecemento dos recursos minerais, xacementos mineiros e recursos xeolóxicos de Galicia.
- f) A planificación, programación e coordinación do exercicio das competencias administrativas relativas á execución da normativa no ámbito da seguridade mineira, así como o seu desenvolvemento lexislativo.
- g) A planificación, programación e coordinación do exercicio das competencias administrativas en materia de prevención de riscos laborais en minas, canteiras e túneles que exixan a aplicación da técnica mineira, nos traballos de manipulación e utilización de explosivos e nos establecementos vinculados ás actividades extractivas.
- h) O control e rexistro das entidades de inspección e control regulamentario no ámbito mineiro.
- i) O impulso de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados á mellora da seguridade e salubridade do sector mineiro de Galicia.
- j) A coordinación, mediante a elaboración de instrucións, ou calquera outro instrumento que se considere idóneo, dos órganos territoriais e unidades administrativas que dela dependan, no ámbito das súas competencias, así como a supervisión do seu cumprimento.
- k) A coordinación, impulso e seguimento das axudas públicas xestionadas polas unidades administrativas que dependen dela.
- l) A elaboración da proposta do anteproxecto de orzamentos desta subdirección xeral, así como a coordinación da execución da xestión orzamentaria das actuacións correspondentes ao seu ámbito de competencias.



m) A coordinación das relações da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais coa Cámara Oficial Mineira de Galicia.

Á marxe das funcións de coordinación, planificación, programación e supervisión que no correspondente ámbito sectorial asuma directamente esta subdirección xeral, para a tramitación administrativa e a xestión directa destas competencias, e baixo a súa dirección e dependencia, a Subdirección Xeral de Recursos Minerais contará coa seguinte unidade con nivel orgánico de servizo:

2.1. Servizo de Xestión Mineira.

O Servizo de Xestión Mineira exercerá as seguintes funcións:

- a) A xestión e execución das competencias administrativas sobre o dominio público mineiro, sobre as augas minerais e termais e sobre a investigación dos hidrocarburos.
- b) A xestión e o exercicio das competencias administrativas sobre o Rexistro Mineiro de Galicia e sobre os demais rexistros previstos na normativa mineira e de augas minerais e termais.
- c) A xestión dos plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados ao desenvolvemento, á innovación, ao incremento da competitividade e á internacionalización do sector mineiro de Galicia.
- d) A execución das competencias administrativas en materia de seguridade e saúde no ámbito de aplicación da lexislación mineira.
- e) A execución das competencias administrativas en materia de prevención de riscos laborais en minas, canteiras e túneles que exixan a aplicación da técnica mineira, nos traballos de manipulación e utilización de explosivos e nos establecementos vinculados ás actividades extractivas.
- f) A tramitación dos expedientes de autorización e rexistro das entidades de inspección e control regulamentarios no ámbito da seguridade mineira.



g) A execución da xestión orzamentaria das actuacións correspondentes ao ámbito de competencias da Subdirección Xeral de Recursos Minerais.

h) Calquera outra función que lle sexa asignada polos órganos de que depende.

3. Servizo de Ordenación e Coordinación

O Servizo de Ordenación e Coordinación, baixo a dependencia orgánica e funcional da persoa titular da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, exercerá as seguintes funcións:

a) O apoio á elaboración e tramitación de anteproxectos de normas xurídicas nos ámbitos competenciais da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais e a articulación e coordinación da participación nos procesos de elaboración de normas xurídicas de competencia doutras consellerías, da Administración estatal ou da Unión Europea, relativas a/ou que incidan nos ámbitos competenciais da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

b) A coordinación da aplicación uniforme das normas xurídicas en materia de enerxía e minas polos diferentes órganos da Vicepresidencia Primeira e Consellería, mediante a promoción da adopción e/ou difusión de criterios interpretativos, directrices ou instrucións. En particular, respecto da interpretación e aplicación da normativa técnica, a coordinación de grupos de traballo que debatan e fixen criterios técnicos.

c) O seguimento e a coordinación da participación da Comunidade Autónoma nos procesos de elaboración da normativa técnica levados a cabo en órganos nacionais ou internacionais, entre outros medios, a través da coordinación dos interlocutores de referencia que participen nos distintos órganos e comités que interveñen na elaboración da citada normativa

d) O apoio técnico-xurídico á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais nos ámbitos materiais da súa competencia e a coordinación



de criterios e propostas de mellora respecto a aspectos procedementais en relación cos diversos procedementos administrativos sectoriais.

- e) A coordinación das relacóns coa axencia Instituto Enerxético de Galicia, particularmente nos aspectos estratéxicos das políticas en materia de enerxía da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, así como a colaboración no deseño e desenvolvemento dos plans e programas na dita materia.
- f) A coordinación, no ámbito da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, das relacóns institucionais co Valedor do Pobo e co Defensor do Pobo, así como con outras institucións, sen prexuízo das competencias que correspondan á Secretaría Xeral Técnica ou a outros órganos.
- g) A proposta e/ou coordinación de actividades e programas de formación especializados dirixidos especificamente ao persoal técnico da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais ou, en xeral, ao persoal da dita dirección.
- h) A coordinación e tramitación de consultas sobre os seguimentos de avaliacón ambiental das instalacóns de que sexa competente para a súa autorización a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, que sexan formuladas polos órganos ambientais competentes para a análise técnica dos expedientes de avaliacón ambiental das referidas instalacóns.
- i) A coordinación e supervisión dos procedementos de acceso á información nos expedientes de que sexa competente para a súa autorización a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.
- j) Calquera outra función que lle sexa encomendada, por razón da súa competencia, pola persoa titular da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.



1.2.2. Recursos humanos

Á data de 1 de setembro de 2022 os recursos humanos da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais están constituídos polos seguintes efectivos:

Funcionarios con destino definitivo ou en comisión de servizos ou interinos	109
Altos cargos	1
Persoal laboral	5
Postos vacantes de funcionarios ou persoal laboral	2
Postos vacantes de funcionarios ou persoal laboral con reserva	1

En relación á distinción de xénero, o 68,6% do persoal son mulleres e o 31,4% son homes.

Existe unha presenza maioritaria de mulleres nos postos directivos

1.2.3. Recursos orzamentarios

O orzamento da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais (estado de ingresos e gastos) do ano 2022 é o seguinte:

Estado de ingresos:

Fondos Propios	13473624.18	
MRR-Mecanismo de recuperación e resiliencia		609604.64
TOTAIS		14333228.82



Estado de gastos (Programa 732A Regulación e soporte da actividade industrial):

CAPÍTULO				
SUBCONCEPTO	6. Investimentos Reais	7. Transferencias de Capital	Totals	
Fondos Propios	125265	6639000		
TOTAIS PROGRAMA 732A			6764265	
	Código de Proxecto	Capítulo	Descripción do proxecto	
	2018-00024	6	Renovación edificios e instalación do laboratorio	
	2018-00070	6	Estudios e traballos técnicos	
	2020-00011	7	Reforzo de liñas eléctricas de alim en polígonos	
	2016-00086	7	Mellora en parques empresariais	
	2016-00349	7	Viveiros industriais	
	2021-00025	7	Oficinas de reindustrialización	
	2022-00020	7	Subv As Pontes centro loxística	
TOTAL			6764265	

Estado de gastos (Programa 733A Eficiencia enerxética e enerxías renovables):

CAPÍTULO				
SUBCONCEPTO	4.Transferencias correntes	6. Investimentos Reais	7. Transferencias de Capital	Totals
Fondos Propios	2230000	215850.54		
Fondos MRR			500000	
TOTAIS PROGRAMA 733A				3446000
	Código de Proxecto	Capítulo	Descripción do proxecto	
	2015-00297	4	Axudas para evitar cortes de suministro	
	2016-000104	6	Estudios e traballos técnicos	
	2021-00028	6	Dixitalización de sistemas	
	2011-00165	6	Servizo de atención 012	
	2015-00298	6	Seguimento medioambiental en parques e liñas	
	2022-00019	6	Asistencia técnica para mrr adaptación tendidos	
	2015-00257	6	Convenio laboratorio combustibles	
	2022-00019	7	Adaptación de tendidos	
TOTAL			3446000	



Estado de gastos (Programa 734A Fomento da Minería):

CAPÍTULO				
SUBCONCEPTO	4.Transferencias Correntes	6. Investimentos Reais	7. Transferencias de Capital	Totais
Fondos Propios	160000	308431.51		
Fondos MRR		109604.64	3544927.67	
TOTAIS PROGRAMA 734A				4122963.82
Código de Proxecto	Capítulo	Descripción do proxecto		Importe
2015-00267	4	Convenio Cámara Oficial Mineira		80000
2015-00267	7	Convenio cámara mineira -sustentabilidade		80000
2019-00015	4	Convenio centro tecnolóxico do granito		80000
2019-00012	6	Restauración medioambiental e posta en seguridade		30000
2019-00020	6	Encomenda do seguimento ambiental		189379.18
2016-00085	6	Estudios e traballos técnicos en minería		89052.33
2022-00209	6	MRR rehabilitación antigos espazos mineiros		109604.64
2022-00021	7	Axudas aproveitamentos lúdicos		801777.67
2019-00014	7	Valorización recursos nos concellos		45000
2022-00023	7	Axudas sostibilidade de recursos naturais		2400000
2022-00022	7	Clúster lousa sustentabilidade		60000
2022-00022	7	Fundación da pizarra-sustentabilidadde		60000
2015-000679	7	Subvencións entidades sen ánimo de lucro		48150
TOTAL				4122963.82

1.2.4. Marco normativo

A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais asume como obriga o cumprimento das normas en materia de integridade que figuran no plan xeral. Adicionalmente, son aplicables a este centro directivo as seguintes normas:

- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.



- A Directiva (UE) 2017/1371 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2017, sobre a loita contra a fraude que afecta os intereses financeiros da Unión a través do Dereito penal.
- A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
- A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións.
- A Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- A Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico
- A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.
- A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- A Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas.
- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- A Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.



- A Resolución do 8 de setembro de 2014, convocada por la Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral da Función Pública, por la que se da publicidad al Acuerdo del Consello da Xunta de Galicia del 24 de julio de 2014 por el que se aprueba el Código ético institucional de la Xunta de Galicia.
- Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia 2021-2023, aprobado polo Consello da Xunta o 4 de marzo de 2021.
- Programa Marco de Integridade Institucional e Prevención de Riscos de Xestión 2021/2024 aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión do 26 de maio de 2021
- Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

Ademais da normativa específica de aplicación aos procesos e procedimentos que aplica o centro directivo en materias da súa competencia.

1.2.5. Procesos e procedimentos que aplica o centro directivo/entidade instrumental.

O presente plan resultará de aplicación aos procesos e procedimentos que gestiona a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, financiados mediante os Fondos do instrumento de recuperación Next Generation EU aprobados polo Consejo de Europa o 21 de julio de 2020 e, particularmente polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) desenvuelto mediante o Plan Nacional de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) aprobado polo Consejo de Ministros o 27 de abril de 2021 e ratificado pola Comisión Europea o 16 de xuño de 2021. Nomeadamente, aplicarase ás distintas fases que integran os procesos de contratación e dos



procesos subvencionais financiados coa dita tipoloxía de fondos que sexan competencia desta dirección xeral.

Sen prexuízo do anterior a dirección xeral poderá estender a totalidade ou parte das medidas recollidas neste plan aos restantes procesos e procedementos que xestione en atención as súas competencias. Neste sentido a la Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, correspónelle con carácter xeral e de acordo co disposto no artigo 28 no Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, exercer a dirección, coordinación, planificación, execución, seguimento e control das competencias e funcións da Vicepresidencia Primeira e Consellería en materia de enerxía, recursos minerais e augas minerais e termais.

Poren existen procedementos especializados segundo a normativa de aplicación que comportan as actividades centrais desta dirección xeral.

1.3. As medidas do "ciclo da fraude"

O presente plan de antifraude debe de ter en conta as accións a acometer no "ciclo antifraude" que se concretan en medidas de prevención, detección, corrección e persecución.

Estas medidas son o requisito mínimo establecido tanto pola Orde HFP 1030/2021 como polos estándares definidos na normativa europea.

1.3.1. Medidas de prevención:

- a. *Adóptase a declaración institucional prevista no plan xeral.*
- b. *Incorporaranse no plan deste centro directivo as declaracíons sobre a integridade no marco sectorial concreto ao que se refiren.*



- c. Divulgarase a cultura da integridade na organización.
- d. Asúmese o compromiso de realizar a formación para altos cargos e dos restantes empregados públicos e concienciación específica nos responsables de transparencia e dos responsables de xestión de fondos.
- e. Establecemento e implantación de medidas que regulen as declaracíons de ausencia de conflitos de interese nos procedementos de contratación e subvencións nos que se utilicen fondos e os supostos nos que actuar cando se denuncia ou detecta un conflito.
- f. Establecer un catálogo de riscos xerais en materia de subvencións e contratación e das medidas ou controis.
- g. Establecer un catálogo de bandeiras vermelhas para o seguimento deste plan.

1.3.2. Medidas de detección:

- a) Implantar o plan de prevención riscos do centro directivo, que avalie os indicadores que poidan supoñer un risco de eventual fraude propio do seu tipo de actividade.
- b) Estender nos modelos de bases de subvencións, e nos modelos de pregos de cláusulas administrativas de contratación, a inclusión de medidas antifraude que permitan previr ou detectar situacíons de riscos.
- c) Difusión da existencia dunha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI).
- d) avaliação dos indicadores que poidan supoñer un risco de eventual fraude.
- e) Exame dos riscos potenciais nas áreas con maior probabilidade de riscos de conformidade cos catálogos de riscos e medidas aprobados no documento



técnico "Catálogo de riscos por área de actividade" aprobado polo Consello de Contas.

- f) Emprego de ferramentas informáticas de prospección e puntuación de eventuais riscos por parte dos órganos encargados de realizar controis e auditorías dos fondos.
- g) Verificar, de ser o caso, o cumprimento dos requisitos de que as empresas solicitantes non están consideradas como empresas en crise.

1.3.3. Medidas de corrección:

- a) Realizaranse as modificacións no plan cando se detecten incidencias ou resultados de auditoría.
- b) Determinarase o proceso interno de comunicación de incidencias, e o responsable encargado de comunicar os feitos á Consellería e aos órganos transversais previstos no plan xeral.
- c) Realizarase a instrución e resolución das irregularidades que sexan denunciadas
- d) Suspenderase a tramitación de proxectos nos que se teñan detectados supostos de fraude que non consistan en meras irregularidades administrativas
- e) Facilitaranse os modelos do Plan Xeral para a comunicación aos superiores da existencia dun conflito de interese, que debe resolver por escrito a avaliación da concorrencia dun conflito de interese.

1.3.4. Medidas de persecución:



- a) *Establecemento dun canal interno para valorar a denuncia e, de ser o caso, instrumentar a denuncia diante do Consello de Contas, do Servicio Nacional de Coordinación Antifraude; da OLAF, ou mesmo da fiscalía ou dos tribunais de xustiza en función da posible tipificación da actuación.*
- b) *Establecemento, no seu caso, dos órganos que trasladen os feitos afectados por fraude, sospeita de fraude ou das medidas adoptadas ás autoridades decisórias ou a autoridade responsable.*
- c) *Segundo o establecido no Plan Xeral, cando as actuacións detectadas constitúan prácticas colusorias contrarias á competencia, remitir a investigación e eventual sanción á Comisión Galega da Competencia.*
- d) *Início dos procedementos de reintegro cando produzan menoscabo nos recursos públicos ou fosen declaradas irregulares as actuacións.*

1.4. Funcións e responsabilidades na xestión dos riscos

1.4.1. A consellería, os centros directivos/entidades instrumentais

A persoa titular da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais asume o compromiso de aplicar as medidas deste plan coa máxima dilixencia e implantar, nos seus procesos propios, as medidas e niveis de control que permitan unha eficaz execución dos fondos dos que son responsables nun contexto de integridade e prevención da loita contra a fraude nos termos establecidos na normativa europea.

Así mesmo o centro directivo asume o compromiso coa política de integridade e prevención de riscos establecida no presente plan que se formaliza asinando a proposta de aprobación deste plan específico polo órgano de dirección do mesmo.



Este plan integrarase xunto cos dos restantes centros directivos e entidades adscritas no plan da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación. A incorporación de máis centros directivos e entidades instrumentais, ou a actualización dos plans xa integrados suporá a modificación, por addenda, do plan de prevención de riscos da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

1.4.1.1 Declaración de cumplimiento dos órganos responsables.

Como órgano responsable da execución de fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia emítese a Declaración de xestión prevista na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (en diante, Orde HFP 1030/2021) coa periodicidade que se determine, que se adxunta a este plan co seguinte contido:

<<En fecha XXXXXX, este Centro manifiesta que los fondos se han utilizado para los fines previstos y se han gestionado de conformidad con todas las normas que resultan de aplicación, en particular las normas relativas a la prevención de conflictos de intereses, del fraude, de la corrupción y de la doble financiación procedente del Mecanismo y de otros programas de la Unión y de conformidad con el principio de buena gestión financiera. Asimismo, manifiesta la veracidad de la información contenida en el informe en relación con el cumplimiento de hitos y objetivos, y confirma que no se han revocado medidas relacionadas con hitos y objetivos anteriormente cumplidos satisfactoriamente, atendiendo a lo establecido en el apartado 3 del artículo 24 del Reglamento (UE) 241/2021 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 12 de febrero de 2021, por el que se establece el Mecanismo de Recuperación y Resiliencia.>>

1.4.1.2. Persoas ou unidades responsables de integridade e prevención de riscos nas consellerías ou centros directivos/entidades instrumentais.



É responsabilidade da persoa titular da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais asegurarse de que todo o centro directivo se involucra na consecución dun comportamento correcto en todos os aspectos da xestión.

A Subdirección Xeral de Enerxía e a Subdirección Xeral de Recursos Minerais serán os órganos responsables, dentro das súas competencias, de integridade e prevención de riscos que velará polo cumprimento das medidas incluídas neste plan, actuará como interlocutor cos órganos/unidades transversais encargados do seu cumprimento e informará directamente aos órganos superiores de eventuais incidencias que poidan acontecer en relación coa aplicación do plan.

2. COMPROMISO DE INTEGRIDADE E MARCO ÉTICO DA INTEGRIDADE INSTITUCIONAL

As medidas e accións incluídas neste plan son de aplicación a todo o centro directivo e constitúense en alicerces da política antifraude e nos elementos que sustentan a integridade da acción pública.

2.1. Medidas relativas ao compromiso institucional coa integridade, coa ética publica e coas medidas antifraude.

Acción 2.1.1. A manifestación expresa dos responsables públicos

Os altos cargos deste órgano asumen como guía da súa conduta o compromiso principal distintivo de que a súa actuación non só require o cumprimento estrito da legalidade senón que precisa, ademais, dunha demostración diaria de ética, exemplaridade e honorabilidade no desempeño da responsabilidade que supón xestionar os recursos que son patrimonio de todos as galegas e os



galegos, e o deber de salvagardar a imaxe e reputación das institucións autonómicas.

Con independencia do anterior, todos os altos cargos que participan no proceso de elaboración, proposta ou aprobación deste plan realizarán unha manifestación de compromiso co Código Ético e de comportamento íntegro e de loita contra a fraude en termos semellantes ás realizadas na declaración institucional do plan xeral.

Acción 2.1.2. As referencias á integridade na planificación estratégica

Cando o centro directivo aprobe ou propoña a aprobación dun instrumento de planificación incluirá unha manifestación expresa de que súa xestión se realizará de conformidade cos mecanismos de integridade que sexan de aplicación en cada suposto, e de ser o caso, unha análise dos riscos de xestión que poida implicar a adopción do instrumento de planificación, ben mediante unha mención específica ou ben co recurso a elementos ou riscos e medidas descritos no plan xeral de prevención.

Acción 2.1.3. A difusión e a formación en materia de integridade institucional

O presente plan será difundido entre o persoal do centro directivo, e toda vez que formará parte do Plan da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, adicionalmente divulgárase a través do portal de transparencia da Xunta de Galicia.

Periodicamente, os altos cargos recibirán formación en materia de liderado ético e nas políticas de integridade institucional.

2.2. Medidas relativas ao sistema de prevención de conflitos de interese.



Acción 2.2.1. Réxime xeral do conflito de intereses

O alto cargo deste centro directivo sométese ás prescricións do artigo 43 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno en todo o relativo ao réxime aplicable aos conflitos de intereses.

Así mesmo, aterase na súa actuación aos principios recollidos no apartado IV do Código ético Institucional, ou instrumento xurídico que o substitúa ou desenvolva, e ás previsións existentes no mesmo Código respecto dos regalos, as dádivas, as mostras de cortesía e as atencíons protocolarias.

Acción 2.2.2. Réxime especial do conflito de intereses para os altos cargos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

De conformidade coa Orde HFP/1030/2021, os altos cargos intervenientes na preparación, tramitación ou aprobación dun procedemento de subvencións ou contratación deixarán constancia por escrito no expediente da seguinte declaración:

<<Al objeto de garantizar la imparcialidad en el procedimiento de contratación/subvención arriba referenciado, el/los abajo firmante/s, como participante/s en el proceso de preparación y tramitación del expediente, declara/declaran:

Primero. Estar informado/s de lo siguiente:

- 1. Que el artículo 61.3 «Conflicto de intereses», del Reglamento (UE, Euratom) 2018/1046 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 18 de julio (Reglamento financiero de la UE) establece que «existirá conflicto de intereses cuando el ejercicio imparcial y objetivo de las funciones se vea comprometido por razones familiares, afectivas, de afinidad política o nacional, de interés económico o por cualquier motivo directo o indirecto de interés personal.»*
- 2. Que el artículo 64 «Lucha contra la corrupción y prevención de los conflictos de intereses» de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, tiene el fin de evitar cualquier distorsión de la competencia y garantizar la transparencia en el procedimiento y asegurar la igualdad de trato a todos los candidatos y licitadores.*



3. Que el artículo 23 «Abstención», de la Ley 40/2015, de 1 octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, establece que deberán abstenerse de intervenir en el procedimiento «las autoridades y el personal al servicio de las Administraciones en quienes se den algunas de las circunstancias señaladas en el apartado siguiente», siendo éstas:

- a) Tener interés personal en el asunto de que se trate o en otro en cuya resolución pudiera influir la de aquél; ser administrador de sociedad o entidad interesada, o tener cuestión litigiosa pendiente con algún interesado.
- b) Tener un vínculo matrimonial o situación de hecho asimilable y el parentesco de consanguinidad dentro del cuarto grado o de afinidad dentro del segundo, con cualquiera de los interesados, con los administradores de entidades o sociedades interesadas y también con los asesores, representantes legales o mandatarios que intervengan en el procedimiento, así como compartir despacho profesional o estar asociado con éstos para el asesoramiento, la representación o el mandato
- c) Tener amistad íntima o enemistad manifiesta con alguna de las personas mencionadas en el apartado anterior.
- d) Haber intervenido como perito o como testigo en el procedimiento de que se trate.
- e) Tener relación de servicio con persona natural o jurídica interesada directamente en el asunto, o haberle prestado en los dos últimos años servicios profesionales de cualquier tipo y en cualquier circunstancia o lugar».

Segundo. Que no se encuentra/n incurs/o/s en ninguna situación que pueda calificarse de conflicto de intereses de las indicadas en el artículo 61.3 del Reglamento Financiero de la UE y que no concurre en su/s persona/s ninguna causa de abstención del artículo 23.2 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público que pueda afectar al procedimiento de licitación/concesión.

Tercero. Que se compromete/n a poner en conocimiento del órgano de contratación/comisión de evaluación, sin dilación, cualquier situación de conflicto de intereses o causa de abstención que dé o pudiera dar lugar a dicho escenario.

Cuarto. Conozco que, una declaración de ausencia de conflicto de intereses que se demuestre que sea falsa, acarreará las consecuencias disciplinarias/administrativas/judiciales que establezca la normativa de aplicación.

(Fecha y firma, nombre completo y DNI)

A verificación da dita declaración realizarase no momento da aprobación das bases da subvención ou do expediente de contratación. A mesma declaración incluirase tamén no momento de aprobación da resolución de concesión de subvencíons ou de adxudicación do contrato.



Acción 2.2.3. Régime especial do conflito de intereses para os empregados públicos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

Os funcionarios públicos, e de ser o caso, o restantes empregados públicos que interveñan na redacción de bases reguladoras de subvencións ou da elaboración das prescripcións técnicas e das cláusulas administrativas de contratos que vaian a ser financiados con fondos derivados do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, deixarán constancia nos respectivos expedientes dunha declaración asinada nos mesmos termos que no apartado anterior (acción 2.2.2). A verificación deste extremo realizárase no momento de aprobación das bases ou do expediente de contratación.

Do mesmo xeito, os funcionarios que interveñan nas comisións de baremación de subvencións ou nas mesas de contratación de expedientes financiados cos mesmos fondos deixarán constancia na acta de constitución da comisión ou da mesa dos extremos referidos na declaración anterior. A verificación deste extremo realizárase con carácter previo á resolución de concesión das axudas ou de adxudicación do contrato.

2.3. Medidas referidas ás canles de denuncias de irregularidades ou condutas de fraude

Acción 2.3.1. Difusión da canle de denuncias

A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais difundirá a existencia dunha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES) no que se garantirá que a presentación de denuncias, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar



suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.

Así mesmo, a canle poderá ser utilizada por empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

2.4 Formación e compromiso coa competencia profesional dos empregados públicos

A formación en materia de integridade debe de converterse nunha ferramenta de sensibilización, de coñecemento e de propagación dunha cultura administrativa baseada en comportamentos éticos.

A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais asume o compromiso de favorecer a participación do seu persoal nas medidas de formación previstas no Programa Marco de Integridade Institucional que se desenvolverán coa colaboración da EGAP e diversificando os destinatarios entre os contidos xerais para todos os empregados e contidos dirixidos especialmente a altos cargos, niveis directivos intermedios e persoal de áreas específicas de risco, en particular o que xestione expedientes financiados con fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.



Acción 2.4.1. Formación específica nos centros directivos/entidades instrumentais que xestionen fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

En función das necesidades e no momento que se estime oportuno, este centro directivo poderá solicitar da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa que elabore unha formación específica en materia de integridade, destinada ao persoal que xestione estes fondos.

3. IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE

3.1. Medidas relativas ao diagnóstico e análise dos riscos xerais da organización.

3.1.1. Definición do risco e asunción dos riscos xerais da organización

Defíñese o risco como a incidencia da incerteza sobre a consecución dos obxectivos dunha organización, e entenderase por administración de riscos o proceso sistemático que deben realizar as institucións para avaliar os riscos aos que están expostas no desenvolvemento das súas actividades, mediante a análise dos distintos factores que poden provocalos e coa finalidade de definir as estratexias que permitan controlalos, asegurando o logro dos obxectivos e metas dun xeito razonable.

A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais asume como riscos propios os determinados no epígrafe "Catálogo de riscos xerais e medidas atenuantes que afectan ao conxunto da organización" que figura no plan xeral.

Tendo en conta as singularidades da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, non se diagnosticaron riscos nestas áreas



diferentes aos riscos xerais incluídos no devandito catálogo, en particular nas árees de contratación e subvencións.

3.2. Medidas para a aprobación dun plan de prevención de riscos e medidas antifraude por cada centro xestor

Acción 3.2.1. Metodoloxía para a avaliación do risco

A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais elaborou este plan específico de conformidade con metodoloxía prevista na Guía da Comisión Europea sobre auto avaliación de risco de fraude.

Na **primeira fase** definíronse os obxectivos do centro directivo e a relación daqueles procesos ou actividades que son precisos para acadalos.

A) Actividades principais

- A.1. Actividade regulatoria
- A.2. Actividade de autorización
- A.3. Xestión de subvencións
- A.4. Actividade de contratación
- A.5. Procedementos sancionadores
- A.5. Concursos dereitos mineiros

B) Outras actividades

- B.1. Xestión de persoal (recursos humanos)
- B.2. Xestión orzamentaria
- B.3. Encargos a medios propios
- B.4. Convenios de Colaboración



Na **segunda fase** identifícaronse os riscos que poden afectar o centro directivo. Enténdese por factores de risco as situacións ou circunstancias que incrementan a probabilidade de que se produzan incumprimentos (operativos, normativos, éticos, falta de fiabilidade da información) ou prácticas de fraude propriamente ditas no seo da entidade.

Factores de risco externos:

Debilidades no marco normativo necesario para fortalecer a integridade e a loita contra a fraude

Cambios reguladores importantes

Cambios nos altos cargos da organización

Factores de risco internos ou institucionais:

Inadecuación ou debilidade dos mecanismos internos de supervisión

Ausencia de sistemas de alerta para o caso de que se produzcan irregularidades

Actividades con alto grao de discrecionalidade

Procesos pouco informatizados

Factores de risco individuais:

Relacións cos administrados

Falta de experiencia ou de formación

Inadecuada supervisión do traballo

Factores de risco procedementais:

Falta de manuais de procedementos

Falta de transparencia na toma de decisións

Falta de claridade na distribución de competencias



Ausencia de controis verticais e horizontais dos procedementos

Adicionalmente, pódense considerar riscos que provocarían os procesos más susceptibles de sufrir fraude, segundo o ANEXO III. C.2.b) i E da Orde HFP/1030/2021, os seguintes:

- I. Identificación de operacións que son más susceptibles da fraude, como poden ser aquelas con alta intensidade, alto orzamento, moitos requisitos para xustificar polo solicitante, controis complexos, etc.
- II. Identificación de posibles conflitos de intereses.
- III. Resultados de traballos previos de auditorías internas.
- IV. Resultados de auditorías da Comisión Europea ou do Tribunal de Contas Europeo, no seu caso.
- V. Casos de fraude detectados con anterioridade

Teoricamente é posible pensar nun gran número de posibles riscos. Porén, a soa identificación de moitos "riscos" menores podería paralizar a dirección e impactar negativamente no seu compromiso coas accións propostas neste plan. Parece, polo tanto, máis adecuado centrarse nun número limitado de riscos, polo que se acoutou a análise aos riscos más relevantes ou que pola súa natureza poderían ter maior impacto na organización, para evitar a dispersión de esforzos, xa que para a maioría destes riscos a súa probabilidade e o seu impacto son baixos.

Con carácter supletorio e en todo caso para calquera outro tipo de actividade que eventualmente desenvolva o centro directivo, como a contractual, aplicarase o Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia.

Con este criterio, seleccionáronse os seguintes riscos que poderían darse na actividade da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais no ámbito das subvencións:



Tipo de risco	Risco	Medidas que minoran o risco bruto
Suxección normativa	Risco na elaboración das normas específicas de cada axuda	<ul style="list-style-type: none"> • Compromiso de sometemento á normativa de subvencións • Revisión de bases por Asesoría Xurídica e Intervención • Uso de modelos harmonizados
Risco de conflito de intereses	Risco de incorrer en parcialidade derivada de situacións de conflitos de intereses	<ul style="list-style-type: none"> • Declaración de ausencia de conflitos de intereses de todo o persoal que participe na xestión dos fondos (MRR) • Aplicación do Plan de Prevención e Medidas Antifraude e da normativa relacionada en caso detección de conflicto de intereses
Risco de pagamentos inxustificados	Risco de aplicación dos fondos a finalidades diferentes á aquelas para os que foron concedidos	<ul style="list-style-type: none"> • Comprobacións sobre o terreo
Risco de admitir información falsa	Risco de falseamento na información presentada polos solicitantes de axudas	<ul style="list-style-type: none"> • Comprobación cruzada de documentos xustificativos de distintas fontes
	Riscos de ocultación de información con obriga de remitir á administración	<ul style="list-style-type: none"> • Comprobación cruzada de documentos xustificativos de distintas fontes • Comprobación de información de BD de organismos públicos e rexistros mercantís
	Riscos de facturas falsas	<ul style="list-style-type: none"> • Comprobación mediante cruces de BD • Inspección sobre o terreo
Riscos de sobre financiamento	Costes reclamados en traballo de insuficiente calidad	<ul style="list-style-type: none"> • Solicitud de probas adicionais
	Risco de dobre financiamento	<ul style="list-style-type: none"> • Comprobacións cruzadas de bases de datos

E seleccionáronse os seguintes riscos que poderían darse na actividade da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais no ámbito da contratación pública:

Tipo de risco	Risco	Medidas que minoran o risco bruto
Limitación da competencia	Risco de preparar contratos que limiten indebidamente a concorrenza ou a libre competencia	<ul style="list-style-type: none"> • Detectar conflitos de intereses dos servidores públicos que participen directa ou indirectamente na preparación da contratación. • Elixir procedementos que non limiten a concorrenza pública. • Deseñar pregos que non favorezan ou que prexudiquen a determinados operadores económicos coñecidos.



Adxudicación irregulares	Risco de resolver a adxudicación ou a formalización dos contratos irregularmente	<ul style="list-style-type: none"> • Coordinación das unidades ou órganos administrativos que participan na preparación, licitación e execución dos contratos. • Supervisión da documentación definitiva con que se resolve ou formaliza o contrato. • Exame exhaustivo das ofertas presentadas para evitar errores nas puntuacións. • Fomento da tramitación da licitación a través de medios electrónicos
Modificacións do contrato	Risco de modificar inxustificadamente o contrato	<ul style="list-style-type: none"> • Revisión das modificacións do contrato propostas para que non afecten ao contido esencial do contrato.
Incumprimentos na subcontratación	Risco de substitucións inxustificadas ou irregulares do adxudicatario a través da subcontratación	<ul style="list-style-type: none"> • Solicitar con antelación a relación de subcontratistas • Seguimiento das subcontratacións para evitar substitucións inxustificadas ou irregulares do adxudicatario do contrato • Opoñerse no seu caso a subcontratación
Incumprimentos do contrato	Risco de non esixir responsabilidades por incumprimentos	<ul style="list-style-type: none"> • Esixir as responsabilidades legalmente previstas ao adxudicatario. • Incoar procedementos de esixencia de responsabilidade no caso de incumprimento do contrato. • Esixir responsabilidades aos servidores públicos que incorran en prácticas irregulares, fraudulentas ou de corrupción.

Na **terceira fase** procedeuse á gradación do risco. Definiuse o risco bruto como o nivel de risco sen ter en conta o efecto dos controis ou medidas existentes ou previstos no futuro.

A cuantificación do risco baséase nunha combinación do «impacto» do risco (que consecuencias pode ter) e da estimación da súa «probabilidade» (ata que punto é probable que aconteza). Para asegurar a coherencia da avaliación na determinación da probabilidade do risco estableceuse un horizonte temporal de cinco anos.

O impacto do risco mediuse de acordo coa seguinte puntuación



Puntuación	Impacto na reputación	Impacto nos obxectivos
1	Impacto limitado	Traballo adicional que supón o atraso doutros procesos
2	Impacto medio	Retrasa a consecución dun obxectivo operativo
3	Impacto significativo (por exemplo un suposto de fraude grave ou afecta a múltiples beneficiarios)	Pon en perigo a consecución dun obxectivo operativo ou atrasa un estratéxico
4	Impacto grave que supón investigación oficial ou unha percepción negativa nos medios de comunicación	Pon en perigo a consecución dun obxectivo estratéxico

Esta puntuación aplicouse avaliando dous criterios por separado: o impacto do risco na reputación do centro directivo e o impacto nos obxectivos establecidos. A suma destas dúas puntuacións constitúe o impacto do risco.

A probabilidade do risco mediuse de acordo coa seguinte puntuación:

Puntuación	Probabilidade
1	Pode acontecer en moi poucos casos
2	Pode acontecer ocasionalmente en algún momento
3	É moi probable que aconteza
4	Acontecerá con frecuencia

Esta puntuación aplicouse avaliando dous criterios por separado: a probabilidade de que aconteza o risco e afecte a reputación do centro directivo e a probabilidade de aconteza e afecte aos obxectivos establecidos. A suma destas dúas puntuacións constitúe a probabilidade do risco.

A cuantificación do risco resultou da aplicación do promedio das valoracións de impacto e probabilidade coa seguinte escala:

Valor da puntuación resultante	Nivel de risco
Puntuación entre 1 e 3	Risco aceptable (verde)
Puntuación entre 4 e 6	Risco importante (amarelo)
Puntuación entre 7 e 8	Risco grave (vermello)



As medidas atenuantes que corrixan ou minimicen o impacto ou a probabilidade son semellantes ás que figuran nas medidas xerais de atenuación de riscos de contratación e subvencións que figuran no plan xeral. Porén, en función da puntuación acadada na avaliación de risco, o centro directivo propón as medidas que en función dos riscos analizados minimicen o risco.

Así, o centro xestor valorará as medidas de 0 a 3 en función do que minimicen o impacto do risco e a probabilidade de que aconteza.

O risco neto defínese como o nivel de risco resultante de aplicar os valores das medidas atenuantes e da súa eficacia minorando o risco inicial.

A puntuación da medidas que minoran o risco é a seguinte:

Nivel de implantación de controis existentes	Minoración no risco inicial
N1_Sen medidas: A medida non existe, ao menos ata onde existe coñecemento	0
N2_Medidas parciais: A medida existe, pero non está implantada ou é ineficaz	1
N3_Medidas parciais: A medida existe, pero non é completamente eficaz	2
N4_Con medidas: A medida existe, e considérase eficaz	3

En consecuencia, o risco neto deriva das seguintes operacións:

Riscos	Valor probab.	Valor gravid.	Gradación do risco (antes de medidas)	Medidas				Valoración de risco
				N1	N2	N3	N4	
Risco de concesión de axudas excluíndo ou modulando a aplicación da normativa de subvencións	2	6	4				x	Risco aceptable
Risco de incorrer en parcialidade derivada de situacións de conflitos de intereses	2	4	3				x	Risco aceptable
Risco de aplicación dos fondos a finalidades diferentes á aquellas para os que foron concedidos	6	4	5		x			Risco aceptable



Riscos	Valor probab.	Valor gravid.	Gradación do risco (antes de medidas)	Medidas				Valoración de risco
				N1	N2	N3	N4	
Risco de falseamento na información presentada polos solicitantes de axudas	6	4	5				x	Risco aceptable
Riscos de ocultación de información con obriga de remitir á administración	4	4	4			x		Risco aceptable
Riscos de facturas falsas	6	4	5		x			Risco aceptable
Costes reclamados en traballo de insuficiente calidade	6	6	6			x		Risco aceptable
Risco de dobre financiamento	6	4	5		x			Risco aceptable
Risco de preparar contratos que limiten indebidamente a concorrencia ou a libre competencia	2	4	3		x			Risco aceptable
Risco de resolver a adjudicación ou a formalización dos contratos irregularmente	4	2	3		x			Risco aceptable
Risco de modificar inxustificadamente o contrato	3	7	5		x			Risco aceptable
Risco de substitucións inxustificadas ou irregulares do adjudicatario a través da subcontratación	3	6	4,5		x			Risco aceptable
Risco de non esixir responsabilidades por incumplimentos	4	5	4,5		x			Risco aceptable

Acción 3.2.2. Listaxes de verificación na aprobación dos expedientes financiados con PRTR

A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais incluirá en cada un dos expedientes de subvencións ou contratación que xestione, que sexan financiados con fondos PRTR, unha folla de verificación na que se incluirán as medidas antifraude que se inclúen no expediente que se tramita. Esta verificación servirá de base para a declaración sinalada no punto 1.4.1.1. que realizarán os titulares das Secretarías Xerais Técnicas.

A lista incluirá as seguintes verificacións:



Área	Medidas que se incorporan no expediente	Verificación. Grao de cumprimento valora de 1 a 4
Contratación e subvencións	¿Dispone dun plan de prevención de riscos e medidas antifraude?	4
Contratación e subvencións	¿Dispone dunha declaración ao máis alto nivel de loita contra a fraude?	4
Contratación e subvencións	¿O plan de prevención é coñecido polo persoal que tramita o expediente?	4
Contratación e subvencións	¿Existe un plan de avaliación de riscos que identifique probabilidade, impacto e medidas de minimización?	4
Contratación e subvencións	¿O persoal que tramita o expediente coñece o Código Ético e a normativa sobre regalos?	4
Contratación e subvencións	¿O persoal tramitador ten recibido formación sobre integridade?	1
Subvencións	¿Existe declaración de ausencia de conflito de intereses do persoal que elabora as bases de subvención?	4
Subvencións	¿Existe declaración de ausencia conflitos de intereses do persoal que conforma a comisión de baremación?	4
Subvencións	¿Existe declaración de ausencia de conflito de interese do alto cargo que xestiona a convocatoria e resolución das subvencións?	4
Subvencións	¿Nas bases inclúense medidas para evitar o dobre financiamento?	4
Contratación	¿Existe declaración de ausencia de conflito de intereses do persoal que elabora os pregos de prescripcións técnicas e de cláusulas administrativas da contratación?	4
Contratación	¿Existe declaración de ausencia conflitos de intereses do persoal que conforma a mesa de contratación?	4
Contratación	¿Existe declaración de ausencia de conflito de interese do alto cargo responsable que aproba a contratación?	4
Contratación e subvencións	¿Existe unha canle para presentar denuncias?	4
Contratación e subvencións	¿O centro directivo/entidade instrumental dispón dun mecanismo de bandeiras vermellas?	4



Contratación e subvencións	¿Existe un órgano encargado de examinar as denuncias e propor medidas?	2
Contratación e subvencións	¿Cando se detecta un fraude avalíase e propóñense medidas?	4

Acción 3.2.3. Mecanismos de detección a través de "bandeiras vermelhas"

As bandeiras vermelhas son sinais de alarma, pistas ou indicios de posible fraude que non implican necesariamente a existencia do mesmo. A verificación delas polo órgano xestor, polos órganos transversais, como os letrados no exercicio da súa función de verificación ou, no seu caso, polos equipos de auditoría, dará lugar á modificación do plan deste centro directivo/entidade instrumental e a implantación ou modificación das medidas establecidas nel.

Ámbitos	Indicios	Revisión	Órgano revisor
Pregos reidores do procedemento amañados a favor dun licitador	Presentación dunha única oferta ou número anormalmente baixo de proposicións optando á licitación	Trimestral	Órgano xestor
	Extraordinaria similitude entre os pregos reidores do procedemento e os produtos o servicios do contratista gañador	Trimestral	Órgano xestor
	Queixas doutros licitadores	Trimestral	Órgano xestor
	Pregos con prescripcións más restritivas ou más xerais que as aprobadas en procedementos previos similares	Trimestral	Órgano xestor
	Pregos con cláusulas non comúns ou pouco razonables	Trimestral	Órgano xestor
	O poder adxudicador define un produto dunha marca concreta en lugar dun producto xenérico	Trimestral	Órgano xestor
Licitacións colusorias	A oferta gañadora é demasiado alta en comparación coas listas de prezos públicas, con obras ou servicios similares o promedios da industria, ou con prezos de referencia do mercado	Trimestral	Órgano xestor
	Todos os licitadores ofertan prezos altos de forma continuada	Trimestral	Órgano xestor
	Os prezos das ofertas baixan bruscamente cando novos licitadores participan no procedemento	Anual	Auditoría
	Os adxudicatarios se reparten ou alternan por rexión, tipo de traballo, tipo de obra	Anual	Órgano xestor
	O adxudicatario subcontrata aos licitadores perdedores	Anual	Órgano xestor
Conflito de interese	Existen patróns de ofertas pouco usuais (por exemplo, as ofertas teñen porcentaxes exactas de rebaixa, a oferta gañadora está xusto debaixo do límite de prezos aceptables, ofértase exactamente ao valor do orzamento do contrato, os prezos das ofertas son demasiado altos, demasiado próximos, moi distintos, números redondos, incompletos, etc.);	Anual	Auditoría
	Favoritismo inexplicable ou inusual dun contratista ou vendedor en particular	Anual	Órgano xestor
	Aceptación continua de altos prezos e traballo de baixa calidade etc.	Anual	Órgano xestor
	Un empregado encargado da contratación non presenta declaración de conflito de interese	Trimestral	Órgano xestor
	O empregado encargado de contratación declina o ascenso a unha posición na que deixa de ter participación nos procedementos de contratación	Anual	Órgano xestor
	Empregado encargado de contratación parece facer negocios propios pola súa conta	Anual	Órgano xestor
Manipulación de ofertas	Excesiva socialización entre un empregado encargado de contratación e un provedor	Anual	Órgano xestor
	Queixas dos licitadores e falta de control adecuado nos procedementos de licitación	Trimestral	Órgano xestor
	Licitador excluído por causas dubiosas ou exceso de declaración de procedementos desertos	Anual	Órgano xestor



Riscos de fraccionamento	Aprécianse dúas ou máis adquisicións con similar obxecto efectuadas a idéntico adxudicatario por debaixo dos límites admitidos para a utilización de procedementos de adxudicación directa ou dos limiares de publicidade ou que exixiran procedementos con maiores garantías de concorrencia Separación inxustificada das compras, por exemplo, contratos separados para man de obra e materiais, estando ambos por debaixo dos límiales de licitación aberta Compras secuenciais xusto por debaixo dos límiales de publicidade das licitacións	Anual	Auditoría
Risco de substitucións do adxudicatario a través da subcontratación	Substitución inxustificada ou irregular do adxudicatario do contrato Non informar correctamente da subcontratación	Anual	Órgano xestor
Risco de limitación da concorrencia en subvencións	Falta de difusión nos medios obligatorios establecidos Requisitos dos beneficiarios/destinatarios ambiguos Ausencia de publicación de baremos	Anual	Órgano xestor
Risco de trato discriminatorio na selección de beneficiarios	Non se segue un criterio homoxéneo para a selección de beneficiarios	Anual	Órgano xestor
Risco de incorrer en imparcialidade derivada de situacións de conflitos de intereses nas axudas	Trato preferente a determinadas solicitudes Presións manifestas sobre outros membros do comité	Anual	Órgano xestor
Risco de aplicación dos fondos a finalidades diferentes a aquelas para os que foron concedidos (desviación de obxecto)	Fondos que non atenden á finalidade ou obxectivo das bases	Anual	Órgano xestor
Risco de dobre financiamento (incumprimento adicionalidade)	Recepción de importes fixos no lugar de porcentaxes do gasto Varios cofinanciadores que financian a mesma operación Non existe documentación soporte das aportacións realizadas por terceiros Financiación non finalista e sen criterios de reparto	Anual	Órgano xestor
Risco de falsidade documental	Incorrecta información presentada polos solicitantes de axudas Ocultación de información con obriga de remitir á Administración Manipulación na xustificación de gastos (Custos laborais rateados incorrectamente/ou duplicados en distintos proxectos)	Anual	Órgano xestor
Risco de perda da pista de auditoría	Incorrecta documentación das operacións subvencionadas Imprecisión na convocatoria da forma de documentar os gastos Imprecisión na definición de gastos elixibles Imprecisión no método do cálculo dos custos	Anual	Órgano xestor



4. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

4.1. Seguimento, supervisión e avaliación

A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais realizará un control periódico para verificar o cumprimento das regras do plan e os seus efectos prácticos. Dita labor pode ser efectuada pola persoal ou unidade do responsable da integridade e prevención de riscos.

O seguimento realizarase anualmente e basearase nas respostas, que poden ser efectuadas a través de formularios, do persoal e altos cargos das unidades que xestionan os ditos procesos e sobre o grao de aplicación das medidas e dos mecanismos de control.

Este seguimento pode ser realizado a través das listas de verificación dos expedientes tramitados no ano anterior ao seguimento.

Con independencia da periodicidade anual, sempre que se teña detectado un risco, como consecuencia de reclamacións ou cando se reciban os resultados das auditorías efectuadas polos órganos de control, procederase a un seguimento das medidas incluídas no plan.

Non caso de que se materialice un acto contrario á integridade, de fraude ou de corrupción o centro directivo analizará os feitos ocorridos e determinará as modificacións que deben realizarse na estruturas e nos procesos de control.

4.2. Actualización e revisión

Cando se detecten resultados de auditorías ou feitos derivados de reclamacións ou queixas das que se poidan derivar indicios de irregularidades ou melloras que se poidan implantar nos procedementos, procederase a unha actualización do plan.



Anualmente, con ocasión do seguimento do plan, procederase a valorar a necesidade de realizar unha actualización de procedementos, de avaliación de riscos ou de implantación de medidas.

4.3. Comunicación e difusión

O plan difundirase entre todo o persoal, especialmente entre o que integre as unidades que tramiten os expedientes de subvencións ou contratación.

Tamén será obxecto de comunicación cando se produzcan novas incorporacións de persoal nas unidades.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais

Pablo Fernández Vila



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE COMPROMISO COA INTEGRIDADE E O CÓDIGO ÉTICO

A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, adscrita á Vicepresidencia Primera e Consellería de Economía, Industria e Innovación, e todo o persoal que a integra, asume e comparte o compromiso coa integridade institucional, que vai máis alá do cumprimento da normas xurídicas porque se refire ás normas e principios éticos e morais e aos valores de integridade, honestidade e obxectividade que deben presidir a súa actuación.

A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, no marco deste compromiso coa integridade institucional, adhírese ás medidas postas en marcha na Xunta de Galicia consistentes nun completo programa de medidas de reforzo do marco da integrade institucional que implica tamén a implantación na organización dunha cultura de prevención fronte aos posibles incumplimentos, impulsando o desenvolvemento de procedementos que a fagan efectiva, e prestando especial atención a aqueles feitos que poidan supoñer actos contrarios á integridade, que se concretan na elaboración do seu plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude.

Estas ferramentas constitúen un soporte básico para a execución das políticas antifraude demandadas por Europa para financiar unha recuperación saneada da economía logo da crise da pandemia provocada pola Covid-19, que exixe a administración fiduciaria dos recursos que a Unión Europea destina á sustentabilidade financeira da sociedade galega.

Deste xeito, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais promove a asunción e consolidación dunha cultura de integridade e valores éticos de todo o persoal da súa organización, en todos os niveis, mediante a formación específica, configurada como unha ferramenta clave para a sensibilización en integridade e comportamento ético na organización, pero tamén mediante a difusión externa e o fomento desta cultura cara a cidadanía, abordando así este compromiso desde unha perspectiva global e íntegra.


Sobre a base das anteriores manifestacións, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais asume unha política de tolerancia cero fronte a fraude, co conseguinte compromiso de asumir os estándares máis altos no cumprimento dos principios éticos e morais e os valores de integridade, honestidade e obxectividade, así como de establecer os mecanismos preventivos que consoliden esta cultura de integridade en toda a súa actuación.

E manifesta tamén o seu compromiso cos principios recollidos no Código Ético Institucional de respectar a Constitución, o Estatuto de Autonomía e o resto das normas que integran o ordenamento xurídico, así como de que prevaleza a satisfacción do interese xeral como obxectivo da súa actuación; respectar os dereitos fundamentais e as liberdades públicas; defender a dignidade, a imaxe e o prestixio da Administración autonómica; realizar con lealdade, integridade e imparcialidade, obxectividade e coa dilixencia debida as misións e obrigas que ten encomendadas; suxeitarse aos principios de eficacia, economía, eficiencia, optimización e control do gasto no uso e manexo dos recursos públicos; observar a transparencia na xestión dos asuntos públicos e respectar o resto das pautas básicas de actuación desenvolvidas no devandito código.

En Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2022.

O secretario xeral Técnico

Pablo Casal Espido



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE COMPROMISO COA INTEGRIDADE E O CÓDIGO ÉTICO

A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, e todo o persoal que a integra, asume e comparte o compromiso coa integridade institucional, que vai máis alá do cumprimento da normas xurídicas porque se refire ás normas e principios éticos e morais e aos valores de integridade, honestidade e obxectividade que deben presidir a súa actuación.

A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, no marco deste compromiso coa integridade institucional, adhírese ás medidas postas en marcha na Xunta de Galicia consistentes nun completo programa de medidas de reforzo do marco da integrade institucional que implica tamén a implantación na organización dunha cultura de prevención fronte aos posibles incumprimentos, impulsando o desenvolvemento de procedementos que a fagan efectiva, e prestando especial atención a aqueles feitos que poidan supoñer actos contrarios á integridade, que se concretan na elaboración do seu plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude.

Estas ferramentas constitúen un soporte básico para a execución das políticas antifraude demandadas por Europa para financiar unha recuperación saneada da economía logo da crise da pandemia provocada pola Covid-19, que exixe a administración fiduciaria dos recursos que a Unión Europea destina á sustentabilidade financeira da sociedade galega.

Deste xeito, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais promove a asunción e consolidación dunha cultura de integridade e valores éticos de todo o persoal da súa organización, en todos os niveis, mediante a formación específica, configurada como unha ferramenta clave para a



sensibilización en integridade e comportamento ético na organización, pero tamén mediante a difusión externa e o fomento desta cultura cara a cidadanía, abordando así este compromiso desde unha perspectiva global e íntegra.

Sobre a base das anteriores manifestacións, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais asume unha política de tolerancia cero fronte a fraude, co conseguinte compromiso de assumir os estándares máis altos no cumprimento dos principios éticos e morais e os valores de integridade, honestidade e obxectividade, así como de establecer os mecanismos preventivos que consoliden esta cultura de integridade en toda a súa actuación.

E manifesta tamén o seu compromiso cos principios recollidos no Código Ético Institucional de respectar a Constitución, o Estatuto de Autonomía e o resto das normas que integran o ordenamento xurídico, así como de que prevaleza a satisfacción do interese xeral como obxectivo da súa actuación; respectar os dereitos fundamentais e as liberdades públicas; defender a dignidade, a imaxe e o prestixio da Administración autonómica; realizar con lealdade, integridade e imparcialidade, obxectividade e coa diligencia debida as misións e obrigas que ten encomendadas; suxeitarse aos principios de eficacia, economía, eficiencia, optimización e control do gasto no uso e manexo dos recursos públicos; observar a transparencia na xestión dos asuntos públicos e respectar o resto das pautas básicas de actuación desenvolvidas no devandito código.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais

Pablo Fernández Vila

